

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 9 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se veda a pesca nas augas encoradas do encoro de Vilagudín.

Antecedentes:

1. O día 7 de setembro de 2021 recíbese aviso dun posible episodio de mortandade de aves na contorna do encoro de Vilagudín (A Coruña) e dáse traslado para comprobación *in situ* por parte do persoal dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

2. A inspección realizada na contorna do encoro ese mesmo día confirmou o feito denunciado e recóllense 196 exemplares mortos e 5 vivos de gaivota patiamarela, que foron trasladados ao Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Oleiros (A Coruña) para a toma de mostras.

Consideracións legais e técnicas:

1. O día 8 de setembro de 2021, a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Coruña propón a veda das augas encoradas do encoro de Vilagudín, co fin de protexer e evitar afeccións á fauna ictícola nese encoro, atendendo ao disposto no artigo 48 do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

2. A competencia para a resolución correspóndelle á directora xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co disposto no artigo 48.3 do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, así como co disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Por todo o exposto,

RESOLVO:

CVE-DOG: ga5apjv5-pm6-0b68-yjj8-antfo8vbnuj58



Vedar a pesca nas augas encoradas do encoro de Vilagudín ata que se determinen as causas do episodio e o seu impacto sobre a fauna ictícola e estado do medio acuático. No caso de ser preciso, a veda manterase ata a entrada en vigor da normativa de pesca continental da tempada 2022.

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Belén María do Campo Piñeiro
Directora xeral de Patrimonio Natural

CVE-DOG: ga5apjv5-pm6-0b68-yjj8-antfo8vbnuj58

